



# Farmacia TEAtende

GUÍA DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA

.....

A REALIDADE DE  
**1 DE CADA 100**  
PERSONAS NO MUNDO

.....

.....

**EDITA**  
FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

**Sede Social**  
Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo  
**Centro de Recursos**  
Rúa Rodríguez de Viguri, 35  
15703 Santiago de Compostela  
Tel. +34 981 589 365  
info@autismogalicia.org  
www.autismogalicia.org

**FINANCIA**  
Deputación da Coruña

**AUTORÍA**  
Cristina Couto Pena  
Aitana Garcia Lage

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**  
Ekinocio Comunicación

**IMAXES**  
@Autismo Galicia / @Freepik

**PICTOGRAMAS**  
©Sergio Palao para ARASAAC  
(arasaac.org) Gobierno de Aragón  
/ Licenza Creative Commons  
(BY-NC-SA)

**RECURSOS GRÁFICOS**  
pccr.vector /freepik

## PÁX.

- 05** PRESENTACIÓN FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.
- 08** PARA QUE A ACCESIBILIDADE COGNITIVA?
- 11** O TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO.
- 13** COMO FACER ACCESIBLE A TÚA BOTICA.
- 14 - Actuacións de accesibilidade.
  - 15 - Espazos exteriores.
  - 16 - Espazos interiores.
  - 20 - Aspectos sensoriais.
  - 21 - Cartelaría e normas
  - 25 - Ferramentas de anticipación e apoios visuais.
  - 30 - Novas tecnoloxías e espazos web.
- 32** A INTERACCIÓN DIRECTA DA PERSOA CON TEA NA TÚA FARMACIA.
- 33 - Características das persoas con TEA na comunicación.
  - 35 - Mellorar a comunicación, trato e a interacción social entre os/as farmacéuticos/as e as persoas con TEA.
- 40** REFERENCIAS LEXISLATIVAS.
- 42** BIBLIOGRAFÍA E RECURSOS.
- 44** DIRECTORIO.



**COMO  
TRANSFORMAR  
A TÚA BOTICA  
NUN SERVIZO  
ACCESIBLE**

## PRESENTACIÓN FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.

**As farmacias, prestan un servizo asistencial básico de carácter sanitario e social para o paciente. Os/as farmacéuticos/as son os profesionais da saúde máis próximos ó público, polo que parece claro dirixir a atención cara eles/elas (e demais persoal traballador da farmacia) para promover a accesibilidade cognitiva nos seus establecementos.**

Esta guía está dirixida ó persoal da farmacia, con apoios e medidas —baseadas na accesibilidade universal— deseñadas para beneficiar a todas as persoas, maila que en especial ás persoas con autismo e as súas familias.

Queremos que as persoas con TEA poidan desenvolverse con autonomía na súa contorna, e que esta estea sensibilizada cara o seu espectro de necesidades e rasgos definitorios. Así, o proxecto de Farmacia TEATENDE enfócase ás boticas comunitarias, puidendo garantir unha prestación farmacéutica con especial consideración ós colectivos que demandan unha disposición diferente á norma; ademais de garantir: equidade, calidade e atención axeitada no acceso ó medicamento, e facilitar a universalización dos servizos asistenciais ós pacientes.

A presente guía xorde a raíz da subvención da Deputación da Coruña e da colaboración do COFC (Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña), xunto coa Federación Autismo Galicia. Por medio dun proceso de análise de necesidades, reflexadas no seu conxunto tanto por parte dos profesionais das farmacias como das persoas con TEA e as súas familias (como usuarios das mesmas), confórmase os contidos deste manual de apoio ós traballadores das boticas.

A guía Farmacia TEATENDE, ten como finalidade prestar apoio e servir de documento de referencia, ante as barreiras cognitivas e comunicativas que se interpoñen no desenvolvemento da persona con trastorno do espectro do autismo (TEA). As persoas con TEA, como cidadáns de pleno dereito no uso dos servizos da contorna máis inmediata e dentro do seu día a día dentro da súa comunidade, deben ter as mesmas vantaxes de acceso ós servizos farmacéuticos do barrio ou cidade que conforman o primeiro nivel de atención sanitaria.

O desexable é que todos os usuarios teñan a mesma oportunidade de acceso ós servizos dentro da súa contorna; para iso precisamos tanto que o espazo estea adaptado, como que o persoal traballador e de atención ó público, estea sensibilizado cara a heteroxeneidade das persoas usuarias dos seus establecementos. Esta será a nosa folla de ruta nas seguintes páxinas.

## QUEN SOMOS?

A **FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA** nace no ano 1995 como unha Federación que engloba ás entidades de pais, nais, de titores e de profesionais, protectoras de persoas con trastorno do espectro do autismo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Representamos a máis de 8000 persoas, familias e persoas con TEA, conformando o tecido necesario para defensa dos dereitos e necesidades das persoas con TEA.

A Federación Autismo Galicia conta cunha rede de 16 entidades, tanto asociacións como fundacións, repartidas por todo o territorio galego, ofrecendo servizos especializados a persoas con autismo e ás súas familias, baixo o compromiso de avanzar na cohesión do colectivo na comunidade.

### Misión.

*Contribuímos a defender e reivindicar socialmente os dereitos das persoas con trastornos do espectro do autismo e das súas familias, promovendo a igualdade de oportunidades e a colaboración entre entidades prestadoras de servizos específicos e especializados.*

### Valores.

A **FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA** dispón dunha declaración de valores que guía a actuación da organización como institución e a conduta das persoas que a forman.

Na formulación dos valores están recollidas o conxunto de convicións profundas e opcións fundamentais que manifestan a identidade de FAG, e que xeran unha cultura institucional propia e diferenciada.

Na realización da súa actividade, a organización e as persoas enmárcanse coherentemente cos seguintes valores:

## Valores éticos.

A Federación desenvolve a súa actividade e persegue os seus propósitos en coherencia cós seguintes referentes:

As persoas con TEA son cidadáns activos, suxeitas de pleno dereito.

AUTISMO GALICIA enfoca o seu traballo para a provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares dende unha perspectiva de dereitos.

AUTISMO GALICIA é unha federación solidaria que promove este valor entre as persoas e organización que inflúen na vida das persoas con TEA e os seus familiares.

AUTISMO GALICIA condúcese nas súas decisión en coherencia cos referentes éticos propios e os que asume das asociacións nas que participa activamente.

## Valores éticos

## Valores de xestión.

AUTISMO GALICIA promove e condúcese na súa xestión atendendo ós seguintes referentes:

Autorrepresentación das persoas con TEA.

Participación de persoas e entidades

Especificidade e especialización na provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares.

Transparencia.

Cohesión asociativa.

Mellora continua.


Substentabilidade.

## Valores de xestión



## PARA QUE A ACCESIBILIDADE COGNITIVA?

A accesibilidade é unha característica dun espazo, ben ou servizo, que fai posible que calquera persoa poida empregalo de forma autónoma, independentemente das súas características físicas, sensoriais ou intelectuais.



Partindo desta premisa, encádrese a **accesibilidade cognitiva** como:



As medidas que axudarán a que as persoas con procesos cognitivos diferentes, como as persoas con TEA ou persoas con algunha discapacidade intelectual, poidan entender a información e manexala, así como facer uso dos espazos e servizos, dun xeito independente.



A accesibilidade cognitiva é un campo de recente expansión en beneficio das persoas con discapacidade intelectual ou do neurodesenvolvemento, como o é o trastorno do espectro do autismo. Cando falamos de accesibilidade cognitiva, referenciamos ás capacidades cognitivas no relacionado co procesamento da información, é dicir, a atención, percepción, memoria, resolución de conflitos ou comprensión.

A accesibilidade cognitiva abarca todas aquelas estratexias que axudan a que as persoas que presentan necesidades derivadas de procesos cognitivos diferentes, poidan acceder á información e procesala para empregala na súa adaptación ó medio.

No eido das persoas con trastorno do espectro do autismo, un área de especial dificultade é o procesamento da información que vén da contorna social e a interacción coas persoas.

*Un deseño sen barreiras fai que a contorna sexa accesible para todos sen sesgos baseados nas competencias físicas, sensorias ou cognitivas.*



A accesibilidade é parte da liberdade de calquera persoa. Esta liberdade que pode reflectirse na solicitude de consello sanitario cualificado e na seguridade de obter unha resposta satisfactoria, debe ser priorizada. É por iso, que neste ámbito farmacéutico, a accesibilidade adquire todo o senso.

A accesibilidade cognitiva favorece a que as persoas con TEA, ou con algunha outra diversidade funcional, poidan facer uso do entorno e dos servizos de maneira autónoma e en igualdade co resto de individuos.

A persoa con TEA como cidadán de pleno dereito debe ser quen de acceder a todos os servizos que lle ofrece a comunidade, puidendo alcanzar tanto ó ocio como ós servizos básicos como son: o comercio, educación e os servizos de saúde.

Porque non só son medidas específicas para un colectivo, senón que beneficiarán ó conxunto da sociedade, facendo fincapé nun derribo de barreiras tanto espaciais, sociais como cognitivas, sensibilizando ós traballadores das boticas e creando recursos persoais para o desenvolvemento da súa labor diaria.



Estas medidas en accesibilidade cognitiva non precisan grande inversión, senón unha concienciación por parte dos responsables das farmacias e máis dos seus empregados/as, para poder levalas a cabo.

## O TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO.

O TEA (Trastorno do Espectro do Autismo), é un trastorno do neurodesenvolvemento que afecta á configuración do sistema nervioso e ó funcionamento cerebral. As manifestacións clínicas das persoas con TEA son moi variadas no que respecta á capacidade intelectual e as habilidades lingüísticas; deste xeito atopamos diagnósticos en TEA onde se asocia discapacidade intelectual e outros nos que non está asociada dita condición.

Todas as persoas con diagnóstico no trastorno do espectro do autismo presentan unha serie de características comúns en dúas áreas principalmente: a comunicación e interacción social, e a flexibilidade de comportamento e de pensamento.

O TEA é un trastorno invisible, pásanos desapercibido en moitos dos casos, precisamente pola súa heteroxeneidade clínic. Se nos paramos a pensar, cantas veces non atenderíamos a unha persoa con TEA sen decatarnos da súa característica?

Para unha boa adecuación do servicio e da atención persoal, é fundamental unha sensibilización cara o trastorno.

Para dar comezo a este proceso de sensibilización, explicamos a continuación algunhas das súas características comúns, que nos poden axudar no desenvolvemento da nosa competencia diaria e trato directo cás persoas usuarias das farmacias.

Na comunicación as persoas con TEA presentan algunhas dificultades, tanto a nivel verbal como non verbal:

Comunicación pouco intencionada.


Dificultades na expresión e comprensión da linguaxe.

Alteracións no contacto visual e a linguaxe corporal.

Uso repetitivo de palabras ou frases: ecolalias.

Aparición de palabras inventadas: neoloxismos.

Entoación particular.





## INTERACCIÓN

A interacción social, directamente ligada á comunicación:

Ausencia de interese ou iniciativa na interacción social.

No caso de que haxa interese, pode que sexa dunha forma invasiva.

Condutas ou comportamentos socialmente pouco adaptados.



## COMPORTEAMENTO

Patróns ríxidos de comportamento, conduta ou interese:


Presencia de comportamentos repetitivos ou estereotipados (manipulación de obxectos ou movementos corporais).

Alta resistencia ó cambio.

Fixación polas rutinas ou rituais de comportamento.

Intereses restritivos e fixos, que aparecen de forma intensa e frecuente.

Pensamentos ríxidos.



## ALTERACIÓNS SENSORIAIS

ALTERACIÓNS SENSORIAIS: moitos dos comportamentos anteriores poden deberse á dificultade do procesamento sensorial, é dicir, como recibimos e procesamos a información. Neste caso poden darse reaccións pouco usuais debido á hiposensibilidade ou hipersensibilidade.

Todas estas características innatas que presentan as persoas con TEA, xunto ás barreiras cognitivas, sensoriais e de comunicación e interacción social (presentes na nosa sociedade), fan das diferentes contornas espazos NON ACCESIBLES.

## COMO FACER ACCESIBLE A TÚA BOTICA.

As farmacias son puntos sanitarios de cercanía onde xúntase diversidade de perfís de xente a diario: tanto maiores, como novos, como estranxeiros, persoas con dificultades, etc., polo que unha visión dende a transformación accesible cognitivamente da contorna, será beneficiosa para toda a cidadanía, proporcionando un servizo de calidade — maior capacidade e autonomía de vida— e o máis axeitado ás necesidades de cada un.

Para conformar farmacias máis accesibles, será necesaria unha avaliación e revisión tanto do espazo, como dos protocolos de actuación cara o público, axeitando a resposta do persoal á do demandante, promovendo así unha aproximación comunicativa máis amable.

Accións como explicar a posoloxía do medicamento de maneira sinxela e clara, poñer pegatinas para diferenciar as tomas de cada mención, ou incluso, escribir na caixa algunha indicación, etc., serían axudas en accesibilidade cognitiva de cara ó usuario, que beneficiaría moito á comprensión da información e a clarificar os diferentes pasos a seguir.



# 4.1

## ACTUACIONES DE ACCESIBILIDADE.

Para a implementación da accesibilidade nas farmacias, apóstase pola mellora na adecuación dos espazos: establecendo unha sinalización, non só para a designación do espazo, senón tamén para describir a secuencia de acción, (é dicir, o proceso para desenvolver unha proposta dentro de ese espazo); así mesmo, procurarase adaptar medidas de adecuación xeral da contorna, ó igual que traballar coas persoas que estean cara o público.

En xeral, as farmacias contan cunha única estancia de actividade na cal desenvólvese toda a acción: atención, demanda, compra e venda. Para iso, deberanse ter en conta os factores de accesibilidade que poidan ser unha barreira para este proceso, e para a autonomía e comunicación das persoas con TEA.



### FACILITAR TODAS AS PARTES DO PROCESO ELIMINANDO BARRERAS

Fomentaremos espazos claros, despexados, ordeados e indicados: con apoios visuais (tanto no chan como en superficies claramente identificables).

Por exemplo: se dispoñemos de expositores, tratar de establecer unha orde por categorías de produtos, co prezo claro; de houber algunha pauta/ noticia extraordinaria, que estea ben á vista e pegada onde se faga dita referencia.



## ESPAZOS EXTERIORES.

Como calquera establecemento, as farmacias, son recoñecibles dende a rúa polo seu símbolo distintivo: a cruz farmacéutica. Pode estar iluminada ou non, pero este icono é común a tódalas boticas coas que nos atopamos. Con todo, e tras unha óptica baseada na accesibilidade, sería axeitado que o símbolo estivese ben á vista —libre de obstáculos— e, a poder ser: pendurado, elevado e separado da fachada do establecemento. Desta maneira poderase visualizar dende calquera punto a 180°.

A entrada tamén será de vital importancia, destacando por ser de doado acceso e adaptada ás necesidades da diversidade dos usuarios da farmacia (rampla, anchura suficiente, ben sinalizada, etc.).

A importancia dos escaparates (de houber) tamén hai que tela en conta cara a accesibilidade cognitiva, xa que unha boa organización e distribución dos mesmos, axudará á comprensión de toda a información que se expón. Unha estrutura delimitada e un atractivo estético (que chame a atención pero que non recargue), deberán de ser as máximas destas ventás de publicidade para as farmacias.

## 4.2



## 4.3

### ESPAZOS INTERIORES.

Os corredores deberán de estar despexados, e o espazo para atención e demanda personalizada ben definido. O mobiliario non deberá representar unha ameaza para a mobilidade ou a interacción e comunicación. En canto a iluminación, respectará a todas as persoas, polo que será axeitada ás necesidades do espazo e puntos de luz do mesmo; nin máis nin menos.

A información sobre produtos, servizos, diferentes seccións, etc., é importante para a consideración das características de accesibilidade que son imprescindibles para garantir unha comunicación eficaz. Todo o que teña que ver con avisos, información, normas... da farmacia, así como folletos e papeis, sería recomendable situalos en **espazos adicados expresamente para eles, que destaquen do resto do mobiliario e que estean sen ateigar.**



Recollemos as seguintes indicacións:

#### **UBICACIÓN**

En xeral, a altura preferente para a información visual escrita é a da altura dos ollos, nun rango entre 110 e 150 cm de altura.

**1**

#### **NÚMERO**

Deberán colocarse tantos rótulos como resulten necesarios para a toma de decisións por parte dos usuarios, tendo en conta que o exceso de información tamén é prexudicial para a cognición, xa que pode provocar confusión e desorientación.

**2**

#### **MATERIAIS**

Os materiais non deben de ser reflectores para evitar deslumbramentos ou desencadear algunha molestia visual; recoméndanse materiais mate e lisos, que non provoquen fatiga visual. Para mellorar a localización os rótulos presentarán contraste respecto a fachada e o seu contido (texto, pictogramas, etc.) respecto do fondo do rótulo.

**3**

#### **TAMAÑO**

O tamaño dos caracteres establécese en función da distancia na que se lee a información (por exemplo, no rótulo exterior sería diferente ó dos horarios situados sobre a porta ou o escaparate.

**4**

#### **TIPOGRAFÍA**

O deseño debe minimizar os riscos de erro e as consecuencias negativas das accións realizadas dun xeito involuntario.

**5**

#### **APOIOS VISUAIS**

É recomendable empregar pictogramas sinxelos que faciliten a comprensión e salven barreiras: como as derivadas dos diferentes idiomas ou dificultades nas habilidades de comprensión.

**6**

#### **TAMAÑO E ESPAZO**

Tamaño e espazo adecuados para a aproximación, alcance, manipulación, postura ou mobilidade con independencia das características físicas do usuario, postura e mobilidade.

**7**

## ORDE E DISTRIBUCIÓN.

Se cando entras no establecemento, espazo ou oficina de farmacia, os produtos están ordenados por categorías, tamaños ou cores, será máis doado para as persoas atopar o produto que buscan.

Para isto, podes sinalizar os produtos con apoios visuais, como pictogramas.



## Distribúe os produtos dun xeito ordenado.

Que a persoa poida ver todas as opcións mirando o que hai no mostrador, facilitará a toma de decisións á hora de elixir un produto.



## Dispón de mobiliario transparente.

Se unha persoa con TEA é cliente habitual do teu establecemento será moito máis sinxelo que a persoa atope o que busca, se os produtos permanecen sempre no mesmo lugar.



## Evita cambios na distribución dos produtos.




Se queres axudar a que as persoas con TEA atopen facilmente o que buscan, utiliza apoios visuais claros, como son os pictogramas. A clasificación por categorías, tamén será axeitada para á organización e asimilación da información.

PROTECTORES SOLARES



**Utiliza apoios visuais como os pictogramas.**

Para unha mellor comprensión da información que proporcionas na túa farmacia, para as persoas con TEA, emprega unha linguaxe clara e directa, sinxela.



**Emprega unha disposición organizada e clara dos teus carteis**



## 4.4

### ASPECTOS SENSORIAIS.

#### DISPOSICIÓN DUNHA BOA ILUMINACIÓN.

A mellor opción é dispoñer de luz natural no comercio. Senón, intenta que a luz sexa o máis natural posible, evitando luces azuis, amarelas ou un ambiente escuro.




Moitas persoas con autismo teñen hipersensibilidade, captando os estímulos luminosos ou auditivos dunha maneira moito máis sensible, producindo neles dor ou malestar. Pola contra, outras persoas poden ter hiposensibilidade, sendo a súa capacidade para percibir estímulos menor.



**A sobreestimulación sensorial nunha persoa dáse cando hai unha gran cantidade de estímulos externos ou internos, producindo isto unha mala integración da información que procede da súa contorna.**

Elimina o ruído ou a música de fondo estridente. Na túa farmacia, podes ter música posta, pero non é necesario que “soe a todo volume”.



#### COIDA A CLIMATIZACIÓN DO TEU LOCAL.

Intenta ter unha temperatura axeitada, nin moito frío nin moito calor.

## 4.5

### CARTELARÍA E NORMAS.

Todo o que teña que ver con normas, avisos, información da farmacia así como folletos e papeis, etc.: sería recomendable situalo en espazos adicados expresamente para eles, que destaquen do resto do mobiliario e que estean sen ateigar (a tipografía, mellor, de pau seco nun tamaño ben recoñecible dende varios puntos da botica, a letra adaptada á lectura fácil).





### LECTURA FÁCIL.

A aplicación de criterios en lectura fácil na documentación, serve para evitar as dificultades de moitas persoas para o acceso ós documentos escritos. Este tipo de recomendacións servirán para saber como elaborar documentos accesibles para todos/as.

A **lectura fácil** consiste na adaptación de textos escritos, ilustracións e maquetaxe, facilitando a súa lectura e posterior comprensión. A lectura fácil está dirixida a toda a poboación en xeral, pero en particular a persoas que presentan dificultades cognitivas ou lectoras.

Ademáis do deseño, inclúense outras consideracións á hora de adaptar á lectura fácil, como por exemplo: **empregar unha linguaxe simple e directa, evitar termos rebuscados, linguaxe específico, abreviaturas ou siglas, emprego de termos de forma coherente, etc.** Igualmente, é importante ter en conta os criterios especializados (comprensibilidade e lexibilidade) en lectura fácil (directrices internacionais en lectura fácil).

As diferentes características das persoas usuarias, sumado á complexidade que presentan os textos, fan que en moitas ocasións as persoas teñamos dificultades de acceso á información que nos proporcionan.



### APOIOS VISUAIS E PICTOGRAMAS.

Os apoios visuais, son calquera ferramenta que axuda a comprender mellor a información oral ou escrita. Considérase unha alternativa á linguaxe oral ou escrita, outra forma de transmitir unha mensaxe, de xeito que poida chegar a todas

as persoas. Os apoios visuais poden ser **imaxes, debuxos, fotografías de obxectos reais, representacións reais e/ou miniaturas, pictogramas (en cor ou en branco e negro), ou palabras escritas.**

Os apoios visuais empregados, deben garantir a comprensión para o maior número de persoas. A sinalización de espazos por medio de pictogramas, fai referencia ó xeito de proporcionar información clara e accesible, favorecendo a comprensión da información e a autonomía persoal.

**Un pictograma é un signo claro e esquemático que representa un obxecto real, figura ou concepto. Sintetiza unha mensaxe que pode sinalar ou informar por riba da barreira das linguas.**

Segundo o estudo “Análise Empírico das Características Formais dos símbolos Pictográficos ARASAAC” (Bertola, 2017) os pictogramas de ARASAAC mostran un alto nivel de transparencia e características formais axeitadas, que evidencia a boa iconicidade e valida o seu uso.

Os pictogramas poden ser empregados coma sistemas alternativos ou aumentativos da comunicación. Un pictograma debe de clarificar a comprensión e interpretación da realidade por medio de imaxes ademais de ser un medio para expresar e transmitir o pensamento ós demais.

### **Características dos pictogramas:**

Son recoñecidos internacionalmente: teñen representacións comúns e poden ser entendidos pola meirande parte das persoas, independentemente do seu idioma, cultura ou bagaxe socioeducativo.

Son sistemas visuais, posto que requiren dunha axeitada percepción e discriminación visual. No caso de que o usuario teña dificultades neste ámbito, poden realizarse adaptacións empregando pictogramas de maior tamaño, máis esquemáticos e/ou en alto contraste, incluso engadindo escritura en braille.

Son inmediatos, posto que a comunicación establécese directamente unha vez asimilado á significación da representación gráfica.


**Os pictogramas coma linguaxe visual ofrecen moitas posibilidades de uso e poden empregarse por un grande abano de perfís de usuarios ou colectivos.**

---

\* Os símbolos pictográficos utilizados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para ARASAAC ([arasaac.org](http://arasaac.org)) / licenza Creative Commons (BY-NC-SA).

Se queres facer a túa farmacia accesible, ponte en contacto con nós para un servizo mellorado e personalizado en accesibilidade cognitiva.

Podes sinalizar a túa botica mediante un apoio visual. Se na porta do teu establecemento indicas cun apoio visual, como un pictograma, para a persoa con TEA será moito máis sinxelo atopalo e identificalo.




## O emprego de pictogramas para sinalización require dunha especialización para a súa creación.

É importante que a información que proporcionas no teu local, sexa fácil de comprender, pero tamén fácil de ler e recoñecer.



## A letra dos carteis debe ser facilmente lexible.

Á altura dos ollos das persoas. Se se poñen os carteis moi altos ou moi baixos non están á vista das persoas, polo que será máis difícil acceder á información (ver táboa páx. seguinte).



## Pon os carteis á altura axeitada.

DISTANCIA	TAMAÑO MÍNIMO	TAMAÑO MÁXIMO
5 m	70 mm	140 mm
4 m	56 mm	110 mm
3 m	42 mm	84 mm
2 m	28 mm	56 mm
1 m	14 mm	28 mm
0,5 m	7 mm	14 mm

A información sobre produtos, seccións, servizos, etc. é de grande importancia e por elo é recomendable considerar as características de accesibilidade que resultan imprescindibles para garantir unha comunicación eficaz.

En xeral, a **altura preferente** para a información visual é a da altura dos ollos (aprox. entre 110-150 cm). Deberán colocarse tantos rótulos/paneis como resulten precisos para a toma de decisións por parte dos usuarios, tendo en conta que un exceso de información pode provocar o efecto contrario: confusión e desorientación.

O **tamaño** dos caracteres establécese en función da distancia á que a información será lida (por exemplo: se se trata do rótulo principal da fachada percibido dende o outro lado da beirarúa, será moi diferente ós horarios situados a carón da porta ou escaparate). Deste xeito, cabe pensar nunha **tipoloxía de letra** facilmente lexible e de rápido recoñecemento. Recoméndanse tipografías denominadas de “pau seco”: tipo arial, verdana, helvética, etc. Tamén o emprego de pictogramas sinxelos que faciliten e complementen a comprensión.

De seguido, descríbense unhas directrices en formato pictográfico, para a dispensación de medicación coa tarxeta sanitaria nas farmacias, e o emprego correcto do punto SIGRE. Posteriormente, detállanse as secuencias de anticipación na medición: da tensión ou dos parámetros de saúde, algúns dos servizos máis demandados nas boticas.



## FERRAMENTAS DE ANTICIPACIÓN

A continuación presentamos unha serie de exemplificacións e de recursos de anticipación de accións cotiás nas farmacias. Preténdeselles clarificar á clientela das boticas, os servizos de saúde rutinarios así como os procesos a desenvolver para cada un dos mesmos.

Con esta serie de recursos, facemos fincapé na necesidade de adecuar, tanto os medios como os procedementos, ós diferentes tipos de usuarios e dotar de ferramentas específicas ó persoal da farmacia.


No TEA, as competencias relacionadas á anticipación e flexibilidade mental e conductual, están alteradas; polo que a rixidez mental matízase como unha característica propia dentro do espectro: a tendencia a establecer rutinas ou patróns de maneira xeneralizada.

**É importante facer uso da anticipación de accións ou eventos, para crear unha sensación de calma que favoreza unha autoregulación máis doada para a persoa.**

**A anticipación é unha técnica específica de accesibilidade que reduce a sensación de inseguridade.**




# NA FARMACIA




MEDICACIÓN



CON TARXETA



OU CON RECEITA



NON MEDICACIÓN



NA TARXETA



CHAMAR




AO MÉDICO

# NORMAS DO PUNTO SIGRE



## SI



MEDICAMENTOS




ENVASES VACÍOS



CAIXAS DE MEDICAMENTOS


## NON



GASAS




TERMÓMETROS



XERINGAS



MÁSCARAS



TEST COVID-19

# MEDICIÓN DA TENSIÓN



1



ESTOU TRANQUILO



ESPERO



CINCO MINUTOS



EN REPOUSO

2



SENTADO



SEN FALAR



NON CRUZAR  
PERNAS

3



REMÁNGOME



O PERSOAL DA  
FARMACIA



PONME A CINCHA



ESPERO

4



O PERSOAL DA  
FARMACIA



SÁCAME A CINCHA




ESPERO




REMATOU


# MEDICIÓN DOS PARÁMETROS DE SAÚDE: PESO E TAMAÑO



1



SUBO



BÁSCULA



BOTO O DIÑEIRO

2



XUNTO PERNAS



ESTIRO O CORPO



NON ME MOVO


3



PESA E MIDE



ESPERO



REMATOU



## 4.7

### NOVAS TECNOLOXÍAS E ESPAZOS WEB.

Tendo en conta o anterior, cabe destacar que coa chegada das novas tecnoloxías é preciso aplicar a accesibilidade na web ou nas redes sociais.


Cada vez existen máis farmacias que contan co seu propio espazo web. Esta é unha ferramenta moi potente que fai que chegue a máis público a información das boticas, polo que deseñar webs accesibles aumentará este dato, facendo que a información se espalle a máis público.

As persoas con diferentes tipos de capacidades —físicas, sensoriais ou cognitivas— poden experimentar dificultades para o emprego das redes de difusión social a causa das barreiras na información das páxinas web, que contemplan: contidos, aplicacións, ferramentas, publicacións e tecnoloxías emerxentes na web. Estas pautas gardan relación especificamente cá redución das barreiras nas citadas páxinas web.

O máximo organismo dentro da xerarquía de Internet que se encarga da promoción da accesibilidade é o **World Wide Web Consortium (W3C)** así como o seu grupo de traballo **Web Accessibility Initiative (WAI)**.

No 1993 o **WAI** publicou a versión 1.0 das súas pautas de accesibilidade web, convertíndose en referente internacional. En decembro de 2008, as pautas de accesibilidade ó contido na web (WCAG) aprobáronse como recomendación oficial.

Convén contar con consultorías especializadas que apliquen os estándares **W3C** para reformular e axeitar os diferentes medios en redes dos que se dispoñan.



---

## PAUTAS PARA ELABORAR CONTIDOS ACCESIBLES

## A INTERACCIÓN DIRECTA DA PERSOA CON TEA NA TÚA FARMACIA.

O máis importante para unha farmacia é o trato directo cá clientela, ademais dunhas instalacións bonitas e un bo emprazamento. Cando os/as farmacéuticos/as (e demais traballadores da botica) están en atención directa ás persoas, terán en conta a diversidade das mesmas.

Unha disposición cara o cliente sensibilizada, para valorar ós colectivos que demandan unha xestión especial, que garanta equidade, calidade e atención axeitada no acceso ó medicamento, e que facilite así, a universalización dos servizos asistenciais dos pacientes: sería o idóneo para que o persoal da farmacia se comunique cós seus usuarios.

As dificultades que se centran no perfil das persoas con TEA (á hora de comunicarse e da comprensión da información, así como na interacción social), sumadas ás carencias de medidas de accesibilidade cognitiva nas farmacias (que faciliten a expresión e comprensión da mensaxe), máis a falta de información dos/das farmacéuticos/as para poder establecer unha boa interacción coas persoas con TEA, lévanos a elaborar unha serie de recomendacións para a aplicación de medidas específicas en comunicación e interacción social nas boticas.





## CARACTERÍSTICAS DAS PERSOAS CON TEA NA COMUNICACIÓN.


Para levar a cabo un acto comunicativo, ten que existir unha intención comunicativa que en moitas ocasións é inexistente nas persoas con TEA ou ás veces, imperceptible polo resto de persoas.

Tendo en conta o anterior, é necesario á hora de establecer unha interacción ou acto comunicativo, que se dean unha serie de condicións. Por exemplo, no caso das boticas, os farmacéuticos ou o persoal que alí traballe, có coñecemento das características das persoas con TEA, axudaralles a entender o seu comportamento e actitude, en moitas ocasións.

Nas farmacias, contar coas condicións ambientais axeitadas, eliminando estímulos interferentes, axudará ás persoas con TEA a manter a súa atención sobre aquilo do que se está a falar.

Unha comunicación eficaz entre o farmacéutico/as e unha persoa con TEA, darase cando o/a traballador/a consiga que a persoa con TEA comprenda a significación da mensaxe.

O obxectivo dunha transmisión informativa eficaz é conseguir unha comunicación funcional, que permita ás persoas con barreiras na comunicación, comprender e transmitir a información necesaria para poder facer emprego das farmacias dun xeito autónomo, e en igualdade de condicións como o resto da poboación.



Entre as modalidades de atención ó usuario, a telefónica é de emprego habitual, polo que debemos de prestar especial coidado á nosa acción comunicativa. No caso das persoas con TEA, poden atopar dificultades para verbalizar, concretar, expresar ou desenvolverse no trato por teléfono, chegando a ocasionarlles estrés e ansiedade.



## RECOMENDACIÓNS PARA A ATENCIÓN Á PERSOA POR TELÉFONO

Identificarse co nome e o perfil profesional.

Falar de forma clara, ter en conta que a persoa pode ter dificultades na comprensión.

Algunhas persoas poden necesitar máis tempo para procesar a información que se lles transmite. É preciso dar tempo para que a persoa poida expresarse.

Respectar os momentos de silencio.

Repetir as opcións á persoa para que lle queden claras.

Preguntar se o entendeu ben ou se precisa que llo repitan.

Intentar illar os ruídos da contorna para que a persoa poida escoitar ben.

Empregar palabras que entenda a persoa coa que fala.



## MELLORAR A COMUNICACIÓN, TRATO E A INTERACCIÓN SOCIAL ENTRE OS/AS FARMACÉUTICOS/AS E AS PERSOAS CON TEA.

### EMPREGA UNHA LINGUAXE CLARA, SINXELA E DIRECTA.

Substituíndo palabras complexas por outras máis doadas e empregando formas verbais directas.

Unha das características do TEA é a súa literalidade á hora de comprender os conceptos, polo que será convinte tamén, atender á significación dos mesmos.

**Por exemplo: a literalidade do concepto “comida” pode levar a un erro de comprensión cando indicamos a toma de medicación; haberá que sinalar especificamente o número de veces que será preciso a inxesta da medicación e se deberá ser acompañada con comida ou non.**

Preciso a tarxeta sanitaria para as menciñas.



Dame a tarxeta sanitaria. Vou mirar as menciñas cargadas nela.



### TOMA TEMPO.

As persoas con TEA, necesitan máis tempo á hora de executar unha acción. Por exemplo, á hora de demandar/pagar un produto, é necesario ter paciencia e darlles o tempo que necesitan, do contrario, poden bloquearse e non saber que facer.

### AS INSTRUCIÓNS DEBEN SER CLARAS, DIRECTAS E CURTAS.

Ademais, se estas instrucións danse de maneira sucesiva e en diferentes pasos, será moito máis doado que as persoas con TEA as comprendan.

Agarda a túa vez.

Entrega a tarxeta sanitaria.

Recolle os medicamentos e paga.

Podes retirarte da fila e ir a un lugar máis tranquilo.

Entón, buscas a túa tarxeta sanitaria na túa carteira.

Cando xa teñas a tarxeta, podes entregarmos e buscarei os medicamentos nela. Unha vez escollidos haberá que pagar.





### PRESENTAR OPCIONES.

Algúnhas persoas con TEA, poden presentar dificultades á hora de elixir entre diferentes opcións. No caso de ofrecer varias alternativas, é recomendable mostrarlás á persoa.

Temos a medicación en distintas presentacións, caixas de: 21 pílulas, 30 ou de 60.



No caso de darlle varias opcións, é aconsellable que a persoa poida velas.




### EVITAR DOBRES SENTIDOS.

Evita as frases feitas ou dobres sentidos, as persoas con TEA teñen dificultades na súa comprensión, ou poden entendela dun xeito moi literal. Por exemplo, cando unha persoa chega á farmacia e non hai fila agardando:

Chegar e encher, que afortunado!!



Non hai xente, é a túa vez.



### DIRÍXETE Á PERSOA.

As persoas con TEA poden comunicarse. Cando falas cunha persoa con tea, diríxete a ela, e non ó seu acompañante. Como dixemos anteriormente, ás veces necesitan máis tempo para executar unha acción ou tomar unha decisión. Respecta o seu ritmo.

Vamos preguntarlle a mamá que quere este/a neno/a.



Ola, que precisas comprar?




### EMPREGA UNHA LINGUAXE AXEITADA Á SÚA IDADE.

Moitas veces tendemos a pensar que as persoas con TEA nos comprenderían mellor se lles falásemos como a pequenos. Se a persoa con TEA é adulta, emprega unha linguaxe axeitada á súa idade, non unha linguaxe infantil.

Onde vai hoxe este neno tan guapo?



Hoxe estás moi elegante, tes algunha celebración?



### NON É NECESARIO FALAR ALTO NIN CUN TON MÁIS BRUSCO.

Se utilizas un ton elevado e brusco, as persoas con TEA non entenderán mellor. É probable incluso que non entendan porque falas así e pensen que estás enfadado ou que fixeron algo malo.

Pode repetir o que dixo?!!!



Podes sentarte no banco a esperar a túa vez.



### FALA DUN XEITO PAUSADO E CONCISO.

Cando falas cunha persoa con TEA, é mellor falar dun xeito pausado e tranquilo, sen empregar moitas palabras.

Cando falamos, utilizamos gran cantidade de palabras, que sumadas a un amplo abano de xestos e ós diferentes tons de voz que manexamos, convértense en algo moi complexo para as persoas con TEA polas súas dificultades de comunicación e pola súa dificultade á hora de procesar os estímulos da farmacia (música de fondo, outros clientes falando).

Ola, bo día, que tal?  
Fai bo tempo non?  
Queres sacar algo da tarxeta hoxe?



Bo día, que medicamento precisas hoxe?





### FAI PREGUNTAS DIRECTAS E CURTAS.

Cando queiras axudar a unha persoa con TEA a iniciar unha conversa, tes que facerlle preguntas claras e directas.

Facer preguntas curtas, directas e secuenciadas, será moito máis doado responder e tomar decisións

Queres que te poña algo da farmacia?

Queres medicación?



Na tarxeta hai para durmir, para estar tranquilo e as do estómago.

Se queres algo diferente dime.



### NON TE ANTICIPES Á SÚA RESPONSA.

Como xa sabes, as persoas con TEA empregan máis tempo para elaborar as súas respostas ou realizar algunhas accións. Ten paciencia e non te anticipes finalizando a súa mensaxe.

Nalgunhas ocasións, os farmacéuticos xa coñecen á persoa con TEA por ser cliente habitual, e saben o que vai comprar. Malia isto, hai que esperar a que a persoa diga o que quere, xa que pode ser que un día queira outra cousa, e pola nosa anticipación non sexa capaz de pedila.

— Quero...quero... si...  
— queres un analxésico?



Quero...hoxe quero...e...  
quero un analxésico.



### NON MANIPULES O SEU CADERNO SEN PERMISO.

Como comprobaches, ás veces as persoas con TEA poden levar axudas técnicas, como son, por exemplo, os cadernos de comunicación.

Non debes manipular o caderno sen o seu permiso, é como se miraran o teu móbil para ver a lista da compra o a túa carteira para ver os teus cartos.



### ASEGÚRATE DE QUE COMPRENDERON O QUE DIXECHES.

Moitas veces as persoas con TEA poden contestar si ou non, malia non entender a pregunta. É importante asegurarnos de que a persoa comprende o que dixemos. Senón entende algo, podemos reformulalo doutro xeito.



**Pregunta:** Sáenme moitos medicamentos, son todos?

**Resposta:** Non sei.



**Pregunta:** Cales son os medicamentos que precisas? Algún máis?

**Resposta:** Quero o que me sae da alerxia soamente.



No primeiro caso, é evidente que a persoa non entendeu a pregunta. Ás veces podemos orientar a súa resposta, dándolle pistas na pregunta.

## REFERENCIAS LEXISLATIVAS SOBRE ACCESIBILIDADE.

O dereito de accesibilidade das persoas con discapacidade queda recollido na lexislación, tanto a nivel estatal como autonómico.

LEI 8/1997 do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

LEI 39/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

LEI 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

LEI 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

RD 35/2000 do 20 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

RD 1/2013 do 29 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social.

RD 366/2007 do 16 de marzo polo que se establecen as condicións de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade e nas súas relación coa administración xeral do estado.

RD 505/2007 do 20 de abril polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e emprego dos espazos públicos urbanizados e edificacións.





*A accesibilidade cognitiva está recoñecida como un dereito universal das persoas, polo que se aplica tanto ás persoas con e sen discapacidade. Así o recolle o Artigo 9 da Convención sobre os **Dereitos de Persoas con Discapacidade** (Organización de Nacións Unidas, 2006) aprobada pola Asemblea Xeral da Organización de Nacións Unidas el 13 de decembro de 2006, ratificada e en vigor en España dende o 30 de marzo de 2007.*

RD 1414/2006, de 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade ós efectos da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de Igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

RD 1544/2007 do 23 de novembro polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e emprego dos modos de transporte para persoas con discapacidade.

## BIBLIOGRAFÍA E RECURSOS



### RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS

*"Comprendo o meu entorno"*. Manual de accesibilidade cognitiva para persoas con trastorno do espectro do autismo. 2015. Autismo Galicia.

*"Guía de buenas prácticas sobre personas con discapacidad para profesionales de la comunicación"*. 2013. Junta de Andalucía. Consejería de Salud y Bienestar Social.

*Buenas prácticas en educación inclusiva y discapacidad en Europa*. 2012. Red Europea de Educación Inclusiva y Discapacidad, Inclu-Ded.

*Personas con trastorno del espectro del autismo. Identificación, comprensión, intervención*. 2019. Autismo Europa.

*Estándares accesibilidad cognitiva web y móvil*. 2019. Fundación ONCE, ILUNION.

Bertola, E (2017). *Análisis Empírico de las Características Formales de los Símbolos Pictográficos Arasaac* (Tesis doctoral). Universidad de Murcia, España.

Ginnerup, S. Comité de expertos sobre Diseño Universal (2010): *Hacia la plena participación mediante el Diseño Universal*. Madrid: Ministerio de Sanidad y Política social, Secretaría General de Política Social y Consumo, Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO).

*Accesibilidad y capacidades cognitivas, movilidad en el entorno urbano, vialidad, transporte y edificios públicos. Conocimiento y experiencias* (2009). Fundación ONCE e Technosite.

Marcos Rodrigo, J.M; Romero Corral, D.; ARASAAC. *Accesibilidad a la comunicación y señalética en entornos no habituales mediante la utilización de un sistema de comunicación basado en pictogramas*. (2011) Zaragoza: Gobierno de Aragón. Centro Aragonés de Tecnologías para la Educación. Colegio público de EE ALBORADA.

Martínez, M. A; Cuesta, J.L e colaboradores (2013). *Todo sobre el autismo. Los trastornos del espectro autista*. Guía completa basada en la ciencia y en la experiencia. Tarragona: Altaria.

Bogdashina, O (2007). *Percepción Sensorial en el Autismo y Síndrome de Asperger*. Experiencias sensoriales diferentes, mundos perceptivos diferentes. Ávila: Autismo Ávila.

Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade do 13 de decembro de 2006.

*Pautas de diseño de pictogramas para todas las personas.* (2011-2013). Fundación ONCE.

*Farmacias accesibles (publicación).* Consejo General de Colegios Oficiales de Farmacéuticos

García Muñoz, O. *Lectura fácil: métodos de redacción y evaluación.* Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.



## INFORMACIÓN NA REDE

[autismogalicia.org](http://autismogalicia.org)

[accesibilidad.autismogalicia.org](http://accesibilidad.autismogalicia.org)

[accessibilitas.es](http://accessibilitas.es)

[lecturafacil.net/es](http://lecturafacil.net/es)

[aetapi.org](http://aetapi.org)

[arasaac.org](http://arasaac.org)

[fundaciononce.es](http://fundaciononce.es)

## A CORUÑA



### ASPANAES

Camiño da Igrexa, 40 baixo - 15009 A Coruña  
981130 044 - [administracion@aspanaes.org](mailto:administracion@aspanaes.org)  
[www.aspanaes.org](http://www.aspanaes.org)



### ASPERGA

Avda. de Oza, 240, 1º - 15006 A Coruña  
881 917 318 / 633 283 164 - [asperga@asperga.org](mailto:asperga@asperga.org)  
[www.asperga.org](http://www.asperga.org)



### FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Rodríguez de Vigurí, 35, baixo  
15703 Santiago de Compostela (A CORUÑA)  
981 589 365  
[info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)  
[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)



Fundación Autismo Coruña

### FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

Camiño da Igrexa, 40 baixo - 15009 A Coruña  
981130553 - [info@autismocoruna.org](mailto:info@autismocoruna.org)  
[www.autismocoruna.org](http://www.autismocoruna.org)

## LUGO



### CAPACES LUGO

Monte Faro, 2, baixo (local 1)  
Casa Poeta María Mariño - 27003 Lugo  
619 170 890 - [capaceslugo@gmail.com](mailto:capaceslugo@gmail.com)  
[capaceslugo.blogspot.com](http://capaceslugo.blogspot.com)

## OURENSE



### POR ELES TEA

Ramón y Cajal, 6 baixo - Ourense  
988 701 658 - [info@peteaou.org](mailto:info@peteaou.org)  
[www.porelestea.es](http://www.porelestea.es)



### TRASCOS

Santo Domingo 35, entresollado 1 - 32003 Ourense  
988 049 632 / 655 902 026  
[asociaciontrascos@gmail.com](mailto:asociaciontrascos@gmail.com)  
[asociacion-trascos.webnode.es](http://asociacion-trascos.webnode.es)

## PONTEVEDRA



### APA CASTRO NAVAS

Navás (Priegue), 11 - 36391 Nigrán  
986 365 558 - castronavas@menela.org



### APA CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA

Camiño da Veiguiña, 15 (Alcabre) - 36212 Vigo  
986 240 703



### APA MECOS «Os Mecos»

Almirante Fontán, Vilaxoán, 11  
36611 Vilanova de Arousa  
986 909 982 - apamecos@hotmail.com



### APACAF

Placer, 5, 3º B - 36202 Vigo  
986 226 647 / 986 587 475 - info@apacaf.org  
[www.apacaf.org](http://www.apacaf.org)



### AUTISMO VIGO

Avda. Camelias, 108, oficina 2 - 36211 Vigo  
986 437 263 - autismovigo@gmail.com  
[www.autismovigo.org](http://www.autismovigo.org)



### FAMILIAS AZUIS

Oriente, 8 - 36860 Ponteareas  
familiasazuis@gmail.com



### FUNDACIÓN MENELA

Marqués de Alcedo, 19 - 36203 Vigo  
902 502 508 / 986 423 433 - fundacion@menela.gal  
[www.menela.gal](http://www.menela.gal)



### FUNDACIÓN TUTELAR CAMINO DO MIÑO

Xoanelo, 2 - 36202 Vigo  
986 222 023 / 902 502 508  
fundacion\_tutelar@cmino.org  
fundacion@menela.org



### ASTEAVI

Coruña, 44, baixo - 36208 Vigo  
986 414 346 - teavi.teavi@gmail.com  
[www.asteaviasociacion.blogspot.com](http://www.asteaviasociacion.blogspot.com)



### UN MAIS

670 984 046 - asociacion.unmais@gmail.com  
[www.unmais.es](http://www.unmais.es)



## Servizo de Accesibilidade Cognitiva

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA



**autismogalicia.org**

**Sede social da Federación**  
Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

**Centro de recursos**  
Rúa Rodríguez de Viguri, 35  
15703 Santiago de Compostela

Tel. +34 **981 589 365**  
**info@autismogalicia.org**



Autor pictogramas: Sergio Palao  
Procedencia: ARASAAC (<http://arasaac.org>)  
Licencia: CC (BY-NC-SA)  
Propiedad: Gobierno de Aragón